

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 26/01/2023**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
- DONA INMACULADA DIEZ VILLARROYA
- D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ
- D. XOSE LOIS LEIROS GUDE
-D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ
GONZÁLEZ

Non asiste:

-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 26/01/2023, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data de 29 de decembro de 2022.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes decembro de 2022.
3. Aprobación provisional, se procede, da Modificación puntual do PXOM de Vilagarcía de Arousa para a ampliación da EDAR.
4. Exame e resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, do Regulamento das Prazas de Abastos de Vilagarcía de Arousa.
5. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
6. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, en relación co uso público da totalidade do Peirao do Ramal.
7. Aprobación, se procede, da moción presentada pola voceira do grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a planificación da instalación de paneis solares nos edificios públicos de Vilagarcía de Arousa

8. Aprobación, se procede, da moción presentada pola voceira do grupo político municipal do PP para a implementación dun plan de actuación integral de mellora das praias A Concha-Compostela
9. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
10. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
11. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.
12. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
13. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios/as municipais D. Juan Luis Núñez Tourís e Dona Elsa Pérez Fernández utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DE DATA 29 DE DECEMBRO DE 2022. Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

- O Sr. Fajardo Recouso indica que debe reflectirse na acta que o Alcalde se lle chamou á orde dúas veces na sesión plenaria de 29 de decembro de 2022.

A continuación, queda aprobada por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no

Pleno (20 de 21) a acta da sesión anterior, de data 29 de decembro de 2022.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230126&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE DECEMBRO DE 2022: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:
RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Adxudicación contrato de subministro
- 2 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde proxecto
- 2 Aprobación proxecto de obras
- 1 Aprobación tarifas servizos urbanos de transporte ano 2023
- 4 Avocación puntual de competencias delegadas na XGL
- 3 Corrección de erro resolución
- 2 Expediente de modificación de crédito por transferencia
- 1 Expediente de modificación de crédito por xeración
- 1 Recoñecemento de Obriga certificación de obra
- 2 Estimación beneficios fiscaes IAE
- 1 Reclamación no Xulgado do Contencioso Administrativo n.º 2 de Pontevedra
- 1 Aboamento en nomina servizo nocturno
- 1 Asignación funcións Secretaria e Interventora FPSDM
- 1 Nomeamento de Funcionaria Interina por substitución IT
- 1 Nomeamento profesor guitarra substitución transitoria titular
- 2 Nomeamento substitucion posto de categoría superiro
- 1 Delegación funcións Alcaldía
- 1 Delegación substitución Secretaria Xeral
- 1 Gratificación delegación substitución Secretaria Xeral
- 1 Pagamento Plan de Pensións Decembro
- 2 Pago anuncio BOPPO Estabilización
- 1 Importes aplicación RPT con incremento 1,5%
- 1 Prórroga contrato Servizo asistencia técnica Enxeñería
- 1 Estimación pagos indebidos
- 1 Estimación ICIO
- 1 Estimación IAE
- 1 Estimación variación taxas e prezos públicos
- 2 Estimación recibos
- 16 Estimación/desestimación compensación de débedas
- 17 Estimación/desestimación liquidacións e baixas
- 4 Estimación/desestimación IBI
- 9 Bonificación IBI
- 34 Estimatoria taxas e prezos públicos
- 13 Estimatoria IIVTNU
- 9 Estimatoria pagos duplicados
- 38 Estimación/desestimación beneficios fiscais no IVTM
- 4 Pago de comisións bancarias
- 7 Pago expedientes Intervención
- 4 Pago expedientes Tesourería
- 1 Préstamo bancario
- 1 Comunicación ampliación actividade
- 9 Comunicación cambio de titularidade de actividade
- 5 Comunicación de inicio de actividade
- 6 Deber de conservación
- 16 Reposición da legalidade urbanística

2 Sancionador de ruidos
3 Licenza para instalación de terraza con mesas e cadeiras
4 Prórroga execución de obras
2 Conformidade a proxecto de execución
1 Solicitud cambio de titularidade de licenza
1 Renuncia a tramitación de expediente de obra menor
6 Declaración ineficacia comunicación previa obras
14 Licenza de obra maior
18 Licenza de obra menor
6 Licenza de primeira ocupación e/ou acometida e conexión de auga e/ou saneamento
34 Comunicación previa obras
4 Legalización de obras

TOTAL: 328

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230126&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA A AMPLIACIÓN DA EDAR. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 26 de xaneiro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA AO PLENO

ASUNTO: APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 11 DO PXOM DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA A AMPLIACIÓN DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS (EDAR) (R.U. 255)

O Plan de Saneamento Local da marxe esquerda da Ría de Arousa, que abarca o ámbito xeográfico dos municipios de Vilagarcía de Arousa e Catoira redactouse co obxectivo principal de constituír un instrumento de planificación para definir, valorar e priorizar as actuacións necesarias para a mellora das redes de saneamento existentes nos devanditos municipios, orientadas á obtención de sistemas máis sostibles. Unha das actuacións prioritarias como conclusión do Plan de Saneamento Local, e a necesidade de ampliar o caudal de tratamento punta da Estación Depuradora de Vilagarcía de Arousa.

Con data de 28.12.2018, Augas de Galicia, ditou resolución de adjudicación do expediente de contratación "Contrato de servizo de Redacc mellora da capacidade da liña de proceso da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) do Concello de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

En febreiro de 2019 asínase o correspondente contrato e redáctase un Estudo de Alternativas para a mellora da liña de auga da EDAR resultando que será necesaria unha ampliación da súa capacidade de tratamento secundario que implicará un incremento substancial da produción de lodos así como das súas características.

O vixente PXOM recolle as actuais instalacións da EDAR e os terreos colindantes necesarios para a súa ampliación baixo diferentes clases de solo (Urbano Consolidado e No Consolidado) e cualificacións (VA- áreas libres. Sistema de zonas verdes e espazos libres, coa clave L-169, IO- Sistema de infraestruturas, coa clave X-44, INDU- solo industrial e UEI-unidade UEI-27-) o que resulta incompatible coa actuación de ampliación proxectada.

Ante dita situación redactouse a " Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vilagarcía de Arousa (PXOM) para a Ampliación da EDAR" (Modificación Puntual nº 11 do

PXOM de Vilagarcía de Arousa).

A ampliación da EDAR de Vilagarcía de Arousa constitúe, como se salienta na memoria xustificativa do documento que se somete a aprobación inicial, un beneficio público có que se pretende conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia de recursos ao incrementar substancialmente a capacidade de tratamento da actual planta de tratamento de augas residuais de Vilagarcía de Arousa para dar servizo a toda a poboación de maneira que se garanta o cumprimento de límites de vertedura para os caudais e cargas de deseño realmente recibidos, existindo polo tanto un interese público proceder a modificación puntual do PXOM para a ampliación da EDAR tal e como se indica no apartado 2.1.1.a) da memoria xustificativa, cal é a mellorar a calidade e funcionalidade da EDAR así como a conservación e protección do medio ambiente, especialmente o medio mariño das verteduras.

Remitido a solicitude de inicio de avaliación ambiental estratéxica simplificada da Modificación Puntual nº 11 do PXOM á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en data 27.05.2021 ten entrada no Concello de Vilagarcía de Arousa a Resolución da Directora Xeral de Calidade, Sostibilidade e Cambio Climático do 27.05.2021, pola que se resolveu: "Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a "Modificación Puntual nº 11 do PXOM para ampliación da EDAR", no concello de Vilagarcía de Arousa.

Consta no expediente administrativo os seguintes informes previos a aprobación inicial da Modificación Puntual nº 11 do PXOM:

- Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 6.05.2021; evacuado con ocasión do trámite de consultas do procedemento de avaliación ambiental.
- Informe do Instituto de Estudos do Territorio do 24.05.2021; evacuado con ocasión do trámite de consultas do procedemento de avaliación ambiental.
- Informe previo a aprobación inicial da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo pola afección da zona de servidume do Dominio Público Marítimo Terrestre do 25.08.2021 (con entrada no Concello en data 10.09.2021).
- Informe previo á aprobación inicial da Dirección General de la Costa y el Mar del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico do 21.12.2021. (con entrada no Concello de Vilagarcía en data 30.12.2021).

A vista do expediente e de conformidade co sinalado no artigo 60.6 da Lei do Solo de Galicia (LSG), o Pleno da Corporación Municipal, previos os preceptivos informes técnicos e xurídicos, acordou aprobar inicialmente a "Modificación ampliación da EDAR de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)Concello, redactada por "Alfonso Botana, S.L" en data 1 18.01.2022; someter a información pública o expediente incluíndo o resumo executivo, polo prazo de dous meses, mediante a publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG), nun dos xornais de maior difusión da provincia, no taboleiro de edictos do Concello de Vilagarcía de Arousa e na sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa, a efectos que durante dito período poidan formularse alegacións, computándose o remate do referido prazo de alegacións dende a data de publicación; solicitar, durante o trámite de información pública, os informes sectoriais que resulten preceptivos, de conformidade coa normativa urbanística e sectorial de aplicación e remitir o documento á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda aos efectos previstos no Artigo 144.7 do Regulamento da Lei do solo de Galicia (RLSG).

Consta publicación de anuncio de información pública da aprobación inicial da modificación puntual número 11 do Plan xeral de ordenación municipal:

- DOG nº 34 do 18.02.2022 no que se indica que a mesma podería consultarse no taboleiros de anuncios da sede electrónica do concello (<http://sede.vilagarcia.gal>).
- Publicación no taboleiros de anuncios da sede electrónica do concello de Vilagarcía de Arousa.
- Anuncio de exposición ao público que foi i do 18.02.2022.

Solicitados os preceptivos informes constan incorporados ao expediente os seguintes informes:

- Informe asinado pola Xefa de Área de Autorizacións e Concesións e o Subdirector Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico de Augas de Galicia en data 16.03.2022, de conformidade co previsto no artigo 39 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia

(entrada no rexistro municipal en data 17.03.2022), no que se indica que non procede a emisión de observacións por canto a modificación non afecta ás competencias do organismo de conca.

- Informe asinado polo Director General de Telecomunicaciones y Ordenación de Servicios de Comunicación Audiovisual, de data 21.03.2022, de conformidade co previsto no artigo 35.2 da Lei 9/2014, de 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións (entrada no rexistro municipal 21.03.2022) no que conclúe informando favorablemente.

- Informe del Servicio Provincial de Costas en Pontevedra asinado dixitalmente o 15.03.2022 no que se indica que non procede a emisión do informe correspondente ao artigo 117.2 da Lei de Costas dado que o mesmo debe ser emitido con carácter previo á aprobación definitiva.

- Informe asinado polo presidente de Puertos del Estado, de data 29.04.2022 (entrada no rexistro municipal 29.04.2022).

- Informe asinado polo Director Xeral del Política Enerxética e Minas, de data 22.03.2022 (entrada no rexistro municipal 2.06.2022)

- Informe asinado pola Directora da Área de Fomento da Delegación do Goberno en Galicia, de data o 02.06.2022 (entrada no rexistro municipal 2.03.2022) no que se sinala que a MP nº 11 non ten incidencia no Inventario de Bens e Dereitos do Estado, nin nas propiedades das Entidades Xestoras da Seguridade Social .

Con data 15.07.2022 tivo entrada no Rexistro do Concello de Vilagarcía de Arousa con nº 2022009306 comunicación da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo pola que se facilita un enlace que permite acceder os informes sectoriais dos organismos autonómicos recabados pola administración autonómica de conformidade co sinalado no artigo 60.7 da LSG, e así constan no expediente:

- Informe relativo ao resultado do trámite previsto no artigo 60.7 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sobre a Modificación Puntual 11 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) para a ampliación da EDAR (PTU-PO-21/208), asinado o 13.07.2022 pola Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

- Informe da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo previsto no artigo 102 do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, asinado o 23.06.2022.

- Informe de Portos de Galicia do 11.04.2022.

- Informe da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, asinado o 11.04.2022, no que sinala que no ámbito da Modificación Puntual nº 11 non existe ningún solo declarado contaminado e que, non obstante no histórico do expediente da Autoridade Portuaria consta a realización dunha investigación exploratoria voluntaria e unha valoración de riscos ambientais para a zona do porto cuxo uso é de zona lúdico/comercial, na que se concluíu que non existe risco inadmisibile.

- Informe da Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil, Dirección Xeral de Emerxencias, asinados os días 30.03.2022 e 31.03.2022, no que se indica que non é necesaria a emisión de informe.

- Informe do Instituto de Estudos do Territorio, asinado os días 07.07.2022 e 8.07.2022, no que se sinala que o documento aprobado inicialmente non difire substancialmente do que informara o IET o 21.05.2021, e as medidas para mellorar a integración paisaxística suxeridas foron tidas en conta nas normas urbanísticas, polo que cómpre concluír que non se producirán efectos significativos na paisaxe.

- Informe de Augas de Galicia, asinado o 16.03.2022, sinalando que non ten que emitir informe no ámbito das súas competencias.

- Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, asinado o 01.06.2022, sinalando que no ámbito da MP non existe ningún ben catalogado e non se identificou ningún dos elementos aos que a LPCG lles presume valor cultural. Tampouco afecta ao contorno de protección de bens situados fóra do seu ámbito.

- Faise constar tamén a non formulación de alegacións polo concellos limítrofes (Catoira, Caldas de Reis, Ribadumia e Vilanova de Arousa, polo que se entenden que non formulan observacións e pódese continuar coa tramitación (terceiro parágrafo do artigo 144.7 do RLSG e segundo parágrafo do artigo 60.7 da LSG)

Recabados os informes sectoriais sinalados pola lexislación urbanística remitiuse copia dos

mesmos ao equipo redactor aos efectos legalmente previstos. Mediante escrito achegado telemáticamente (WEB 2023000230 do 12.01.2023) o equipo redactor achega documento para a aprobación provisional (xaneiro 2023), no que se dá cumprimento ao sinalado nos informes sectoriais.

Consta no expediente informe emitido pola Intervención Municipal de data 18.01.2023.

Consta no expediente certificado emitido pola Secretaria Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa, de data 05.05.2022 no que se certifica que, finalizado o prazo de exposición ao público o 18.04.2022, non se formularon alegacións.

En data 18.01.2023 emitiuse informe polo Arquitecto Municipal no que, tras a análise do documento presentado para a aprobación provisional e os informes sectoriais obrantes no expediente administrativo, conclúe favorablemente a aprobación provisional da modificación puntual do PXOM nº 11.

En data 18.01.2023 emitiuse informe xurídico favorable no que se realiza proposta a esta Alcaldía para aprobación provisional da Modificación Puntual nº 11 do PXOM para ampliación da EDAR de Vilagarcía de Arousa.

En data 18.01.2023 emitiuse informe pola Secretaria Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa, en cumprimento do disposto no artigo 144.12 do RLSG, no que se indica que non existen cambios substanciais no documento inicialmente aprobado segundo sinalan os informes técnicos e xurídicos obrantes no expediente.

Á vista dos antecedentes expostos, esta Alcaldía-Presidencia en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente propón ó Pleno, órgano competente en aplicación do previsto no artigo 22 da Lei 7/85, de bases de réxime local, a adopción do seguinte

A C O R D O:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a “Modificación puntual nº 11 do PXOM para ampliación da EDAR de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)” redactada por “Alfonso Botana, S.L” que inclúe con rexistro WEB 2023000230 do 12.01.2023.

SEGUNDO.- Remitir o expediente aos órganos competentes en materia de costas a nivel estatal e autonómico ao obxecto de que por estes se emite o informe para aprobación definitiva previsto na Lexislación de Costas, con carácter previo a súa remisión, de conformidade co previsto no artigo 60.13 da LSG e o artigo 144.13 do RLSG, o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, aos efectos previsto no artigo 144.16 do RLSG

TERCEIRO.- Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, aos efectos da súa aprobación definitiva previsto no artigo 144.16 do RLSG, unha vez que se recaben os informes dos órganos competentes en materia de costas a nivel estatal e autonómico.

Vilagarcía de Arousa, na data de sinatura dixitalizada.

A Alcaldesa accidental

Tania García Sanmartín.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da Modificación Puntual nº 11 do PXOM para ampliación da EDAR de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)” redactada por “Alfonso Botana, S.L” que inclúe con rexistro WEB 2023000230 do 12.01.2023.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a “Modificación puntual nº 11 do PXOM para

ampliación da EDAR de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)” redactada por “Alfonso Botana, S.L” que inclúe con rexistro WEB 2023000230 do 12.01.2023.

SEGUNDO.- Remitir o expediente aos órganos competentes en materia de costas a nivel estatal e autonómico ao obxecto de que por estes se emite o informe para aprobación definitiva previsto na Lexislación de Costas, con carácter previo a súa remisión, de conformidade co previsto no artigo 60.13 da LSG e o artigo 144.13 do RLSG, o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, aos efectos previsto no artigo 144.16 do RLSG

TERCEIRO.- Remitir o expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, aos efectos da súa aprobación definitiva previsto no artigo 144.16 do RLSG, unha vez que se recaben os informes dos órganos competentes en materia de costas a nivel estatal e autonómico.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230126&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- EXAME E RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DAS PRAZAS DE ABASTOS DE VILAGARCÍA DE AROUSA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 26 de xaneiro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

ASUNTO: PROPOSTA RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DAS PRAZAS DE ABASTOS DE VILAGARCÍA DE AROUSA

PRIMEIRO. En sesión Plenaria de data 26 de xullo de 2018 aprobouse por unanimidade dos grupos políticos o texto provisional do Regulamento de Prazas de Abastos de Vilagarcía de Arousa, abríndose trámite para alegacións.

SEGUNDO. Dentro do prazo establecido ao efecto, o 27 de agosto de 2018, presentáronse alegacións por parte das/os vendedoras/es LUIS CARDALDA MELÉNDEZ, MARÍA JESÚS GARCÍA FERNÁNDEZ e outros, contra artigo 23 punto n) do Regulamento.

TERCEIRO. Respecto das alegacións formuladas, compre facer as seguintes consideracións:

Alegación 1ª. Con respecto á primeira das alegacións formuladas, entendemos que a devandita alegación non debe ser acollida, polas razóns que se expoñen:

A praza de abastos de Vilagarcía pretende transformarse nunha opción polo comercio de proximidade e, ao mesmo tempo, favorecer o consumo de produtos frescos locais tanto agrícolas como do mar de Galicia. A pesar da influencia da climatoloxía na cantidade e calidade do peixe que se ofrece na praza, ésta debe ofrecer aos consumidores un servizo equiparable, en canto sexa posible, ao que se oferta nas peixerías e establecementos de venda de peixe fora do espazo da praza. Neste sentido, enténdese que en tanto as lonxas funcionan para a poxa independentemente da adversidade do tempo climatolóxico, os postos de venda de peixe instalados na praza deben permanecer abertos e ofrecer o produto dispoñible en cada momento, nas mesmas condicións que o fan as peixerías de Vilagarcía situadas fora do recinto da praza.

Por tanto, admitindo a ausencia de venda de produto os luns, enténdese que o número de ausencias establecido no regulamento é o adecuado para garantir un servizo de calidade dentro da praza e a favorecer que os Vilagarciáns consideren a praza de abastos como unha alternativa de calidade á oferta realizada por calquera supermercado.

Porén, proponse estimar parcialmente a alegación formulada, e polo tanto a modificación do Artigo 23 punto n) do Regulamento, engadindo o parágrafo seguinte:

Asemade, poderase autorizar a ausencia das/os vendedoras/es de peixe, naquelas xornadas nas que polas condicións climatolóxicas adversas ou calquera outra circunstancia, non abran as lonxas e polo tanto non dispoñan de produto fresco para ofrecer en condicións de calidade

(con xustificación de dito extremo, a requirimento, no seu caso, da Xunta de Goberno Local).

Alegación 2ª. Non é de recibo a alegación de que, por venderen noutros lugares, os praceiros deben alternarse, razón pola que se ausentan da praza de Vilagarcía. Por parte do Concello preténdese converter a Praza de Abastos nun mercado referente en calidade de produto e do servizo que se ofrece, pretensión incompatible coa ausencia frecuente dos vendedores de peixe por "acudir a outros lugares de venda".

Alegación 3ª. Do mesmo xeito, debe rexeitarse a alegación relativa ás costumes dos usuarios de mercar na praza de abastos unicamente os martes e sábados, así como á competencia dos supermercados pola baixada de prezos. É intención do Concello cambiar esta tendencia facendo da praza un espazo dinámico de encontro e venda, atraendo aos consumidores locais a través dunha oferta de produtos de calidade, de orixe local e coa maior dispoñibilidade e accesibilidade. A tendencia dos consumidores só se pode cambiar se, efectivamente, na praza de abastos hai unha oferta de produto de calidade e fresco, con carácter permanente.

Alegación 4ª. En canto a alegación cuarta, procede verificar se efectivamente o extremo alegado é certo, en cuxo caso sería aconsellable permitir o acceso ao recinto de maneira máis flexible no suposto que se alega.

CUARTO. Vistas as alegacións formuladas polas vendedoras/os fronte ao texto provisional, procede :

1.- A estimación parcial da primeira das alegacións, no artigo 23.n) engádese o parágrafo seguinte:

"Asemade, poderase autorizar a ausencia das vendedoras/os de peixe, naquelas xornadas nas que, polas condicións climatolóxicas adversas ou calquera outra circunstancia, non abran as lonxas. E polo tanto non dispoñan de produto fresco para ofrecer en condicións de calidade (con xustificación de dito extremo a requirimento, no seu caso, da Xunta de Goberno Local)".

2.- Introducir no texto a DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA, no sentido que se indica:

"Segunda. A efectos do cómputo dos días alternos aos que se refiren a letra c) do artigo 33, e letra j) do artigo 34, o mesmo non entrará en vigor ata o 1 de xaneiro de 2024, logo da realización das actividades para o fomento da compra na praza, acordadas no seu día co conxunto das/os vendedoras/es

3.- Desestimar o resto das alegacións formuladas.

QUINTO. Entendendo que no texto provisional o establecemento dos horarios de apertura e peche, na súa redacción orixinal, pode levar a confusión, aos efectos de unificar e concretar os horarios das instalacións, o artigo 8 queda redactado como segue:

Artigo 8º. O horario de apertura e peche dos mercados do Concello de Vilagarcía, será, con carácter xeral, os martes e sábados de 6:00 a 20:00 horas e o resto dos días da semana de 7:00 a 20:00 horas. Estes horarios poderán ser obxecto de variación por necesidades do servizo.

Os concesionarios terán os seus postos preparados para a venda como máximo ás 9 horas.

O horario de acceso de provedores e mercadorías será como máximo ata as 9:30 da mañá (a partir desa hora as zonas comúns teñen que permanecer limpas e libres) e de 17:00 a 19:30 horas polas tardes, quedando prohibida a entrada a provedores e mercadorías fóra dos horarios indicados.

En todo caso, o Concello resérvase a facultade de modificar os devanditos horarios por causas xustificadas previo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local

SEXTO. Co obxecto de evitar as especulacións nos traspasos, no artigo 22.3, propónse a modificación do texto aprobado inicialmente engadindo a obriga de emisión de informe previo municipal. O artigo queda redactado como segue:

Artigo 22.3) Cando se realice o traspaso, o Concello terá dereito a percibir o 20 % do prezo no que se fixe a transmisión, cun mínimo equivalente ao 10% do prezo fixado na derradeira transmisión do posto, actualizado co IPC, reservándose sempre e en todo caso o dereito de retracto sobre a devandita transmisión.

A efectos de evitar a especulación cos postos do mercado, o Concello solicitará informe do técnico municipal correspondente, aos efectos de determinar se o prezo pactado entre as partes é acorde cos prezos medios de mercado no Concello de Vilagarcía de Arousa.

Esta cantidade deberá ser ingresada previamente na Tesourería Municipal.

En data 26 de outubro de 2022, foille trasladado aos grupos políticos o texto definitivo do regulamento xunto coa acta de aprobación provisional. Ao tempo, foron informados as

modificacións que procede levar a cabo sobre o texto inicialmente aprobado, atendendo ás alegacións formuladas polos vendedores e as demais consideracións indicadas.

O texto ficou a disposición dos grupos aos efectos de faceren as aportacións que estimasen oportunas, sen que á data da presente proposta se formulara observación algunha.

PROPONSE. A APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE PRAZAS DE ABASTOS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Vilagarcía de Arousa, na data de sinatura dixital

Alberto Varela Paz

Alcalde-Presidente

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente a Proposta da Alcaldía.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a Proposta da Alcaldía sobre a aprobación definitiva do Regulamento das Prazas de Abastos do Concello de Vilagarcía de Arousa, coa estimación e desestimación das alegacións que figuran na mesma.

- Intervén D. Luis Cardalda Melendez, como voceiro do colectivo de vendedores/as da Praza de Abastos.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1) e Podemos-Marea da Vila (1), cinco abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (5) e un voto en contra do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común (1)

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Estimar parcialmente a alegación presentada por parte dos/as vendedoras D. Luis Cardalda Melendez, Dona Maria Jesús García Fernandez e outros, contra o artigo 23 punto n) do Regulamento, engadindo no artigo 23.n) engadindo o parágrafo seguinte:

"Asemade, poderase autorizar a ausencia das vendedoras/os de peixe, naquelas xornadas nas que, polas condicións climatolóxicas adversas ou calquera outra circunstancia, non abran as lonxas. E polo tanto non dispoñan de produto fresco para ofrecer en condicións de calidade (con xustificación de dito extremo a requirimento, no seu caso, da Xunta de Goberno Local)".

2.- Introducir no texto a DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA, no sentido que se indica:

"Segunda. A efectos do cómputo dos días alternos aos que se refiren a letra c) do artigo 33, e letra j) do artigo 34, o mesmo non entrará en vigor ata o 1 de xaneiro de 2024, logo da realización das actividades para o fomento da compra na praza, acordadas no seu día co conxunto das/os vendedoras/es

SEGUNDO: Desestimar o resto das alegacións formuladas de conformidade co indicado na Proposta da Alcaldía.

TERCEIRO. Aprobar definitivamente o Regulamento das Prazas de Abastos do Concello de Vilagarcía de Arousa e proceder á publicación do texto definitivo no Boletín Oficial da Provincia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230126&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas solicitudes de participación cidadá por parte de D. Luis Cardalda Meléndez e D. Carlos Berride Meañós.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230126&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN, EN RELACIÓN CO USO PÚBLICO DA TOTALIDADE DO PEIRAO DO RAMAL. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 26 de xaneiro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común coa data de 3 de xaneiro de 2023, do seguinte teor:

O Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, VeC, Juan Manuel Fajardo Recousó, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Moción Exposición de Motivos.

Son varias decenas, as notas, anuncios, posts en redes, coas que o concello anunciou un suposto acordo histórico co porto de Vilagarcía, que costou a cidadanía varios millóns de euros por terreos que xa eran públicos, mediante o cal Vilagarcía permitiría a apertura definitiva ao mar, así como a creación nos terreos da comandancia dun novo Centro de saúde, Hoxe a pesar da propaganda o único que existe é o abono dos cartos por parte do concello, e un peirao do Ramal no mesmo estado que antes do “acordo histórico”.

O concello vendeu que se abriría o peirao a cidadanía, e que polo tanto gañiríamos máis espazo público, pero esta mesma semana asinou un acordo cunha entidade privada que condea a Vilagarcía ata o 2052, data na que podería eliminarse esa barreira, non antes.

Estamos polo tanto ante un bluff, vendido con cartos públicos, que precisa dunha acción contundente para reverter os danos que poden ser perennes para a cidadanía.

Afirmación que esta semana mantiña tamén un ex presidente de ambas entidades, que acusaba ao Porto de incumprir os convenios asinados, e VeC engadiría acordos que o goberno local foi incapaz de garantir.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de Vilagarcía en Común, propón a adopción dos seguintes Acordos:

O Concello de Vilagarcía acorda:

Primeiro.- iniciar todos os trámites, incluídos os legais, oportunos para garantir o uso público da totalidade do peirao do Ramal, como recollen diversos acordos co porto de Vilagarcía.

Segundo.- Paralizar os pagos pendentes ao porto de Vilagarcía (referentes as compras de terreos portuarios), namentres non se acade a realidade da apertura a cidadanía dos terreos comprometidos no seu momento no peirao do Ramal.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal de Vilagarcía en Común informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, en relación co uso público da totalidade do Peirao do Ramal.

- Intervén D. Carlos Berride Meaños.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con tres votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1), e dezasete votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12) e PP (5)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, en relación co uso público da totalidade do Peirao do Ramal.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230126&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLA VOCEIRA DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA PARA A PLANIFICACIÓN DA INSTALACIÓN DE PANEIS SOLARES NOS EDIFICIOS PÚBLICOS DE VILAGARCÍA DE AROUSA:

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 26 de xaneiro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila coa data de 17 de xaneiro de 2023, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de xaneiro, a seguinte moción:

Moción para a planificación da instalación de paneis solares nos edificios públicos de Vilagarcía de Arousa.

A crise enerxética derivada da guerra de Ucraína puxo no centro o que xa se viña advertindo dende fai décadas por colectivos ecoloxistas e a comunidade científica, a necesidade de realizar unha transición enerxética que frease a situación de emerxencia climática e garantise unha distribución equitativa dos recursos e o acceso á enerxía, debido ao esgotamento dun sistema

dependente dos combustibles fósiles e un mercado demasiado exposto á especulación por parte de quen o controla. A transición cara un modelo baseado en renovables, non é só unha necesidade ambiental, senón que debería ser unha oportunidade de transformación do sistema cara un máis comunitario que puxese no centro o dereito á enerxía. Sen embargo, vemos como este despregamento de renovables adoce das mesmas eivas do sistema tradicional e unha iniciativa pública insuficiente volve deixar o seu desenvolvemento en mans privadas. A escaseza da participación pública está a impedir o despregue de comunidades enerxéticas locais, ao non poder acceder ás infraestruturas xeradoras de enerxía en mans das grandes enerxéticas. Esta excesiva dependencia das grandes subministradoras, fainos sociedades vulnerables e menos soberanas. Acabamos de comprobar ante os excesivos prezos da enerxía durante os últimos meses, só a intervención pública, a través do tope de gas, foi capaz de frear a escalada de prezos. Precisamos unha planificación no tempo, a través da iniciativa pública, que impida situacións como as dos últimos meses, cuxas repercusións non afectan simplemente á enerxía, senón que teñen impacto no conxunto da economía. Os fondos europeos seguen representando unha gran oportunidade para o despregamento de renovables. Un concello como Vilagarcía ten á súa disposición unha serie de edificios públicos que supoñen un espazo aproveitable para a instalación de paneis solares. Se a iso lle sumamos os edificios que dependen doutras administracións, queda claro que debemos planificar unha forma de aproveitar estes espazos. Temos exemplos como os

de A Illa de Arousa do aforro que supuxo a instalación destas estruturas nalgúns dos seus edificios públicos. A propia Vilagarcía ten un proxecto para a instalación de placas solares na Praza de Abastos, e, aínda que celebramos este avance, cun investimento sufragado con fondos europeos, consideramos que estamos a avanzar con moita lentitude que non existe un plan que, debería ser ambicioso, e dea continuidade neste primeiro paso. Sen ir máis lonxe, este concello tivo recentemente xuntanzas cos centros de ensino cuxo mantemento dependo do mesmos, e, precisamente, se lles transmitiu a necesidade de aforro. Eses centros de ensino tamén teñen azoteas nas que poderían instalarse paneis solares, supoñendo un aforro futuro para o Concello. Este aforro podería ser sustancioso no caso de planificar unha estratexia de expansión a medio prazo e revertirse en garantir o acceso ás subministracións básicas a persoas en situación de vulnerabilidade ou mellorar equipamentos municipais. Ademais, ao xerar infraestruturas de enerxía a nivel municipal facilitaría a creación de comunidades enerxéticas ou, nun futuro, a creación dunha empresa municipal de enerxía.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes:

ACORDOS

1. A realización dun estudo previo sobre as superficies aproveitables e os consumos dos edificios públicos que se poderían ver beneficiados da colocación de paneis solares, especificando unha estimación do aforro que se obtería.
2. A elaboración dun plan detallado para a instalación planificada e progresiva de paneis solares nos edificios públicos municipais de Vilagarcía e a busca de acordos para incluír aqueles dependentes doutras administracións.
3. A creación dun inventario de empresas de Vilagarcía e dos arredores que se dedican a instalación e posta en marcha deste tipo de proxectos para apoiar o emprego local.
4. A elaboración dun catálogo de recursos e subvencións públicas para o impulso do autoconsumo, a rehabilitación enerxética e as distintas iniciativas públicas para que a veciñanza sexa partícipe na transición enerxética.
5. O impulso á creación de comunidades enerxéticas locais a través de charlas, conferencias, etc. Pedindo colaboración ao IDAE, ente que imparte estas conversas.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais de Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a planificación da instalación de

paneis solares nos edificios públicos de Vilagarcía de Arousa.

Na sesión plenaria a voceira do grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila propón a modificación dos puntos 3 e 4 da moción, quedando do seguinte xeito:

3. A creación dun inventario de empresas de Vilagarcía e dos arredores que se dedican a instalación e posta en marcha deste tipo de proxectos co fin de, por un lado, impulsar a súa participación activa no deseño da estratexia de transición enerxética municipal e, por outro, avaliar as potencialidades de crecemento no sector.

4. A elaboración dun catálogo electrónico de recursos e subvencións públicas para o impulso do autoconsumo, a rehabilitación enerxética e as distintas iniciativas públicas para que a veciñanza sexa partícipe na transición enerxética. Tratarase de promover a elaboración noutros formatos que faciliten o acceso á información tendo en conta os prazos e os anuncios das administracións convocantes.

- O Sr. Leirós Gude proprón que se substitúa a palabra "derivada" do segundo parágrafo da moción pola palabra "agravada", quedando do seguinte xeito:

A crise enerxética agravada pola guerra de Ucraína.

A voceira do grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila acepta o cambio proposto polo Sr. Leirós Gude.

Na sesión plenaria sométese polo Sr. Alcalde a votación o asunto cos cambios introducidos nos apartados 3 e 4 da moción , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con oito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (5), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1) e doce abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (12)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila e proceder á:

1. Realización dun estudo previo sobre as superficies aproveitables e os consumos dos edificios públicos que se poderían ver beneficiados da colocación de paneis solares, especificando unha estimación do aforro que se obtería.

2. Elaboración dun plan detallado para a instalación planificada e progresiva de paneis solares nos edificios públicos municipais de Vilagarcía e a busca de acordos para incluír aqueles dependentes doutras administracións.

3. Creación dun inventario de empresas de Vilagarcía e dos arredores que se dedican a instalación e posta en marcha deste tipo de proxectos co fin de, por un lado, impulsar a súa participación activa no deseño da estratexia de transición enerxética municipal e, por outro, avaliar as potencialidades de crecemento no sector.

4. Elaboración dun catálogo electrónico de recursos e subvencións públicas para o impulso do autoconsumo, a rehabilitación enerxética e as distintas iniciativas públicas para que a veciñanza sexa partícipe na transición enerxética. Tratarase de promover a elaboración noutros formatos que faciliten o acceso á información tendo en conta os prazos e os anuncios das administracións convocantes.

5. Impulsar a creación de comunidades enerxéticas locais a través de charlas, conferencias, etc. Pedindo colaboración ao IDAE, ente que imparte estas conversas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230126&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLA VOCEIRA DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA A IMPLEMENTACIÓN DUN PLAN DE ACTUACIÓN INTEGRAL DE MELLORA DAS PRAIAS A CONCHA-COMPOSTELA: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 26 de xaneiro de 2023, do seguinte

teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 18 de xaneiro de 2023, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular de Vilagarcía, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 26 de xaneiro de 2023 a seguinte:

Moción para a implementación dun plan de actuación integral de mellora das praias A Concha-Compostela

EXPOÑEN

Despois dos últimos análise realizados ás augas das praias de Vilagarcía por parte da Consellería de Sanidade e tras un resultado que non alcanza o excelente tanto na urbana A Concha como na vilaxanesa O Preguntoiro, poñen en evidencia unha problemática que consideramos debería de ataxarse en beneficio dos cidadáns.

Centrándonos exclusivamente nas de A Concha-Compostela, inda que a calidade da auga pode ser moito mellor, é certo que non é a única carencia. A presenza do cadillo sigue presente incordiando tanto a viandantes, cans ou bicicletas que sofren as consecuencias dos seus pinchos. Ademais as pasarelas de madeira precisan arreglos urxentes que fagan seguro o acceso ás praias.

Urxe un plan de rexeneración de entornos premiados no seu día con bandeira azul e que na actualidade presentan un estado nada apetecible.

Unha situación que afectará o sector do turismo e a imaxe da nosa cidade, que se vai traducir en perdas económicas. A praia urbana debería ser unha das principais apostas polo que debe ter un cuidado que se manteña no tempo para non chegar ó estado que presenta a día de hoxe e volva a ser a carta de presentación da nosa cidade.

Dado que estamos no mes de xaneiro, é o momento indicado para comezar coa rexeneración das praias e poidan estar preparadas para o inicio da temporada de verán.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO

Instar ao Concello de Vilagarcía a

1. Melloras de accesibilidade ás praias que inclúan as pasarelas de madeira
2. Promoción de actividades e instalacións deportivas .
3. Erradicación da pranta cadillo
4. Recuperación dos usos das instalacións do Balneario

En Vilagarcía de Arousa, a 18 de xaneiro de 2023

Na Comisión Informativa, a voceira do grupo político municipal do PSG-PSOE propón substituír "instar ao Concello de Vilagarcía" por "Instar á Xefatura de Costas" por ser o organismo competente.

Polo grupo político municipal do PP acéptase a emenda.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para a implementación dun plan de actuación integral de mellora das praias A Concha-Compostela, substituíndo "instar ao Concello de Vilagarcía" por "Instar á Xefatura de Costas".

Na sesión plenaria sométese polo Sr. Alcalde a votación o asunto coa emenda proposta pola Sra. García Sanmartín, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)
ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP coa modificación proposta polo grupo político municipal do PSG-PSOE, quedando do seguinte xeito:
Instar á Xefatura de costas a realizar o seguinte:

1. Melloras de accesibilidade ás praias que incluían as pasarelas de madeira
2. Promoción de actividades e instalacións deportivas .
3. Erradicación da pranta cadillo
4. Recuperación dos usos das instalacións do Balneario.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230126&punto=8>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230126&punto=9>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230126&punto=10>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Polos Sres/as. Concelleiros/as respóndense ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230126&punto=11>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230126&punto=12>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO

PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte do público asistente formulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230126&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:40, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.